

Documento distribuído por



Arquiveiras no camiño

Iria Torreiro Rodríguez

Data de publicación: 27/10/2011



Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2º andar. 15705 Santiago de Compostela (Galicia)

Tfno.: 981957202 / Fax: 981957205 / xenero@consellodacultura.org

ARQUIVEIRAS NO CAMIÑO

Iria Torreiro Rodríguez

Archivo General de la Universidad Carlos III de Madrid

Resumo

O Arquivo Xeral da Universidade Carlos III de Madrid comeza unha andaina por camiño diferente para converterse en peza estratéxica da nova xestión universitaria. O marco legal debuxado pola Ley 11/2007 de 22 de xuño de acceso electrónico da cidadanía aos servizos públicos e o Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, de interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica entre outros, imponen un cambio profundo na xestión documental que as universidades, o mesmo que as outras administracións públicas deben atender.

O Decreto 4/2010 establece que as administracións adoptarán as medidas organizativas e técnicas necesarias coa recuperación e conservación dos documentos electrónicos a longo prazo: definición de responsabilidades de xestión documental e de procesos para o tratamento dos documentos, garante de integridade e recuperación do expediente, establecemento de prazos de conservación, recuperación e acceso os documentos, medidas de conservación ó longo do ciclo de vida que aseguren o valor probatorio e a fiabilidade dos documentos como evidencia administrativa e memoria, coordinación do arquivo e servizos implicados na xestión de documentos, establecemento de procedementos de expurgo e eliminación e formación do persoal implicado. Segundo a Enquisa sobre a Implantación da Administración Electrónica nas Universidades Españolas realizada polo Observatorio de Administración Electrónica do Grupo de Traballo de Documentos Electrónicos da Conferencia de Arqueiros das Universidades Públicas, CAU, en maio de

2010, a maioría das universidades teñen comisión de Administración Electrónica onde participa o arquivista ou arquivista, pero a función principal é o impulso tecnolóxico posto que o perfil dominante é o de profesional da informática. Desde a CAU pretenden definir estratexias para integrar definitivamente a figura de profesionais da arquivística nas liñas de decisión determinantes sobre protocolos de seguridade, políticas de conservación e modelado de procedementos administrativos con criterios arquivísticos. Tamén favorecer o intercambio de experiencias e coñecemento de proxectos doutras universidades, como ferramenta imprescindible para o benchmarking e a colaboración, que xeste sinerxías para concretar un estándar de Administración Electrónica para universidades.

Para presentar un proxecto de implantación de Administración Electrónica ó Plan Avanza, a Universidade Carlos III de Madrid firma un convenio de colaboración coa Universidade Autónoma, a Universidade Complutense de Madrid, a Universidade Politécnica de Madrid e a Universidade Nacional de Educación a Distancia e acordan xunto coa empresa Telefónica poñer en funcionamento unha plataforma de tramitación electrónica baseada en compoñentes de software libre e iniciar o trámite electrónico de 5 procedementos elixidos dun catálogo. Acordan o desenvolvemento posterior de ditos procedementos, a existencia de futura formación para o persoal das universidades e o mantemento e soporte da plataforma 24x7. A Universidade Carlos III inclúe este proxecto nos obxectivos da Xerencia do ano 2010. Así xunto co Vicerreitorado de Infraestruturas e Medio Ambiente e a Secretaría Xeral da Universidade elaboran o Plan para a Implantación da Administración Electrónica na Universidade Carlos III.

Ante todos estes cambios o Arquivo Xeral da Universidade abandona as actividades nas que se atopa inmerso nese momento como a avaliación de sistemas integrados de software libre de Xestión de Arquivos, en concreto: Archon, ICA-ATOM e Archivist Toolkit, para comezar un novo camiño dirixindo todos os recursos ó entorno tecnolóxico Alfresco. Posto que Alfresco è a ferramenta elixida polo Servizo de Informática, no que recae a responsabilidade da posta en marcha do proxecto. O Arquivo xunto co Grupo de Software Libre da Universidade comeza a explorar as posibilidades que presenta Alfresco. A partires deste intre séguense tres liñas de traballo: adaptación da plataforma como xestor de arquivos, procura de solucións para a continuidade das series documentais, consecución de

solucións para manter a integridade dos expedientes mixtos e asesoramento á Comisión sempre que é requirido para cuestións relacionadas co acceso, a conservación e o expurgo dos documentos electrónicos.

Alfresco é basicamente una plataforma aberta de xestión de contidos de baixo custo adaptada a un novo paradigma máis colaborador compatible con CMIS e JSR168 que inclúe xestor documental, xestor de contidos web, plataforma colaboradora, plataforma de contidos e xestor de rexistros. O arquivo proba o xestor de rexistros e o xestor documental.

A partires da iniciación de procedementos en formato electrónico as series documentais aparecen fragmentadas, unha parte retrospectiva ata o ano 2010 na súa totalidade en papel e outra parte electrónica. A única solución factible é a dixitalización das subseries precedentes, proxectase un traballo de revisión de series para organizar a dixitalización. Como o proxecto de Administración Electrónica elaborado polas catro universidades parte de procedementos fragmentados atopámonos con expedientes que comezan a súa tramitación de forma electrónica e seguen a súa tramitación en papel. Dende o arquivo analízanse solucións en Alfresco para manter a integridade dos expedientes mentres sexan mixtos. Finalmente realizase una revisión dos metadatos propostos na CAU para incluír no xestor documental aqueles que aseguren una correcta recuperación, acceso e expurgo da documentación xerada no sistema.

Nun futuro próximo, o Arquivo espera que con esta contribución do seu know-how, o repositorio de documentación da Universidade, manteña una coherencia e reflicta correctamente a organización e as funcións da institución, amén de asegurar a conservación e o acceso inmediato a calquera documento que forme parte do patrimonio inmaterial da Universidade Carlos III de Madrid e sexa espello do seu decorrer na Historia.

TORREIRO RODRÍGUEZ, Iria: "Arquiveiras no camiño". Relatorio presentado na xornada *Mulleres e historia*. Olga Gallego Domínguez organizada pola Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega, 27 de outubro de 2011